

CATEGORÍA A. PRIMEIRO PREMIO

Xiana Costa González
CEIP CARLOS CASARES

A noite

Doce noitiña,
sempre ás escuras.
Cando ti apareces,
dás paso á lúa.

Doce noitiña,
sombra permanente.
Ti es sementeira,
dos soños da xente.

Os nosos meses galegos

En xaneiro veñen os reis,
en febreiro a bruxa acorta os días.
En marzo e abril a chuvia ten que vir
e en maio as nosas letriñas.

En xuño San Xoán,
xullo e agosto non hai que traballar
Setembro volta a empezar,
e o resto frío aturar.

A Santiago

A Santiago vou,
por un camiño dourado.
A Santiago vou,
para que os meus males sexan curados.

Na desembocadura do Miño,
comezamos o camiño.
E, pasiño a pasiño,
Santiago espera moi feitoño.

A amizade

Aquel sentimento libre,
aquela mensaxe de compañeirismo,
aquela festa leda,
aquel escudo para o egoísmo.

Cando penso na amizade,
venme algo á cabeza.
Un sentimento estraño,
de realmente beleza.

CATEGORÍA A. SEGUNDO PREMIO

Laura Soliño Giráldez
CEIP CARLOS CASARES

O mar

Baixo o ceo celestial, onde voan as gaivotas,
As ondas rompen e murmuran na costa.

Levan historias de vellos contos, de tesouros afundidos e de velas perdidas hai tempo.

Con cada crista espumosa, cantan a súa canción,
Unha sinfonía do mar, tan salvaxe e forte.
Invítanos a camiñar, soñar e explorar,
para mergullarse en profundidades inexploradas, para sempre.

Vagalumes

No resplandor do solpor, cando a luz do día esmorece,
Os vagalumes emerxen das súas sombras secretas.
parpadean e bailan, cunha luz encantadora,
guiando o noso camiño pola noite aveludada.

As súas trazas luminescentes, unha arte celestial,
Iluminando a escuridade, acendendo o corazón.
Tecen un tapiz de soños máxicos,
Mentres nos marabillamos cos seus fascinantes destelos.

Outono

No abrazo do outono, as follas caen suavemente,
Suspiros de cambio, unha chamada conmovedora.

Pintan o mundo en tons tan atrevidos,
Un tapiz de calor, mentres a natureza se desenvolve.

Con cada suave brisa, susurran e suspiran,
Facendo eco dos segredos da despedida do verán.

Lémbranos os ciclos, as estacións que cambian,
aceptando transicións, como leccións de vida que aprendemos.

Un ceo de soños

No ceo da media noite, as estrelas brillan,
Un lenzo cósmico, unha vista impresionante.

Brillan e brillan, como soños expostos,
Guiando as nosas esperanzas, iluminando o noso camiño.

Cada estrela unha historia, un abrazo celestial,
Tecendo contos de marabilla, nun espazo infinito.

Susurran segredos de galaxias distantes,
Mentres miramos a túa magnífica estrela.

CATEGORÍA A. MENCIÓN

Valeria de saa
CEIP CARLOS CASARES

Unha alma errante

Unha alma errante, perdida na noite,
Buscando un propósito, buscando a luz.
Por vales sombreados e costas solitarias,
Piso o camiño que explora o destino.

En ecos murmurios, escoito a chamada,
Guiado polas estrelas, non temerei a caída.
Porque dentro do meu corazón arde un lume brillante,
Acendendo o espírito, acendendo a loita.

A cada paso vaise desenvolvendo unha historia,
De triunfo e fracaso, contos aínda sen contar.
Vago, busco, esforzome por ser enteiro,
Unha alma errante nunha viaxe de alma.

Lara Casas Gonzalez
CEIP CARLOS CASARES

Os paxaros

Voando e voando pasan polos prados
as veces voan moi lonxe
e outras cantando
perseguen as bolboretas
seguen as ondas cando cantan espertas.

Lucía Pérez Moreira
CEIP CARLOS CASARES

O anoitecer das plantas

Medrou unha planta
medrou un amor
medrou unha planta no teu corazón.
No corazón busca calor
ese que se encontra
cando a lúa baixa
nos olliños do solpor.

Alexandra Alfaro Pérez
CEIP CARLOS CASARES

A lúa

A lúa brilla
a lúa trae a noite
acompañada das estrelas.
A lúa é creadora
dos soños agochados
nos buratos da noite.

O sol

O sol sae, o sol brilla
o sol resplandece.
Amence quiquiriquí
levántate ti.
Amarelo coma a flor
do toxo.
Alegría por nacer.

CATEGORÍA B. PRIMEIRO PREMIO

Isis Acea Portabales
IES ESCOLAS PROVAL

Silencio

Conteño o alento,
pecho os ollos.
As pingas baten na cara
mentres o vento
remuíña os cabelos.
Entón, estiro os brazos,
e pregunto: Onde estades?
Sempre nada se oe....

Sol

Por que saes, Sol,
se non es querido?
Por que combates
se sempre saes ferido?
O mundo non merece
un astro cativo.

Telaraña

Eses fios invisibles,
que tanto afogan
como acariñan,
son redes de telaraña
que amarran vontades.

Soidade

Néboa que abrasa,
lume que xea,
chuvia que seca,
aire que afoga,
espello escuro,
baleiro cheo,
latexo mudo,
vida morta

CATEGORÍA B. SEGUNDO PREMIO

Jerónimo Valverde Rodríguez
CPI PLURILINGÜE ARQUITECTO PALACIOS

O bonito que é a vida.

A vida é unha senda misteriosa,
un camiño que temos que percorrer,
con altos e baixos, curvas e queixas,
e momentos de risas e de dor.

É unha senda incerta e imprevisíbel,
chea de misterios e de perigos,
unha senda que a veces nos sorprende,
e outras veces nos provoca dor.

A morte non é tan mala.

A morte é un paso inevitable
Que agarda a todos sen excepción
É a fin dunha vida, un final
E un remate á nosa existencia.

As árbores perden as follas
E nós tamén perdemos a vida
A alma abandona o noso corpo
E vai nunha viaxe sen retorno.

O amor que sinto por ti.

Cando estou contigo,
sinto que nada pode ir mal,
cada momento convértese
nun paraíso celestial.

Os teus ollos son como farois,
guiándome cara a felicidade.
O teu sorriso é como unha flor,
que embelece esta realidade.

Como é o meu desamor.

O amor que sentía por ti
esvaeceuse pouco a pouco, sen sentir,
o que antes era unha chama ardente,
agora só queda cinza fría na miña mente.

As promesas que fixemos
quedaron nunha nebulosa,
os soños que compartimos
foron espaxados polo vento.

CATEGORÍA B. MENCIÓNS

Elba Guntín Van Der Meer
IES VAL MIÑOR

Ignorantes:

A pel fría coma a neve,
todos pasando sen mover a cabeza.
Sen sorpresas ou medo, sen enfado ou tristeza.
Cada un respira con falsa valentía.
Mentres outros sofren sen ningunha saída.

Miguel Rouco cabral
IES VAL MIÑOR

Espero a miña amada.

É bela , tranquila , calada
xunto a ela non ocorren
pelexas nin enfados.
Non todos están a gusto con ela.
Mais para min ,
a soidade, é a miña amada.

Juan Blanco Fernández
IES PRIMEIRO DE MARZO

NATUREZA

Verde creadora
nai salvaxe da Terra
grandeza infinita.

VERÁN

Sol abrasador
un día de verán
nenos no mar
luz amarela
de pé na suave area.

CATEGORÍA C. PRIMEIRO PREMIO

Lucía Argüelles Valverde
IES ESCOLAS PROVAL

Vivindo sen fracasar

O fulgor por verte
as ansias por verme feliz, compartindo outro xeado en verán
rindo, despreocupados
aínda que caia outro serán.

Sen pensar que quizás mañá non estaremos
desafiando a vida
aínda que dependamos dela.

Se fósemos libres...

Que fermoso é o ceo
cos paxaros que voan libres
e o seu cantar aínda que ninguén os mire.

Que bonito é o destino
cando non está escrito,
cando vives sen preocupacións
porque estas nacen cos porqués e das razóns.

Recordando sensacións

Vivo anestesiada
a dor que me borraban as túas caricias,
os teus bicos, as miradas, a túa risa
prometín esquecer esa sensación
pero búscoa a ela
cada vez que todo vai peor.

Que fago aquí?

Loito ou esquivo,
vivo por ti?
Por min?
Represento a tódolos que sentimos
expresamos ou calamos
fuximos ou dicimos
que medramos e contámolo.

CATEGORÍA C. SEGUNDO PREMIO

Nadia Pérez Basurto
IES VAL MIÑOR

Epitafio dunha poeta

Escribiría talvez
os meus mellores versos
nel esta noite,
facer dunha pedra unha poesía,
non obstante,
acabaría poñendo o seu nome
porque a miña vida foi máis súa que miña.

Costume

Mariñeiro de ollos tristes
que busca no mar do teu incertidume
algunha illa estable,
e lánzase.
A auga está o suficientemente cálida
para saír dela.
E afógase.

Algunha escritora triste

Morta en pé escoito queixas
de abatidos por plumas.
Xente sen conciencia, sen sentido,
sen compaixón.
Feitos cinza
sen tocar lume.
Lévate a túa desidia
non quero perecer de novo.

Quérote

O teu fulgor é a causa doutra
estrela, do ceo.
Ceo que celo.
O meu, causa do teu amor,
ese amor que non alcanzo,
ese amor polo que vivo
porque atesta de tiritas
a dor que me causas.

CATEGORÍA C. SEGUNDO PREMIO

Icía González Pérez
IES ESCOLAS PROVAL

Pero apértame

Apértame forte, moi forte...
coma brétema a faro no luar;
coma pai que marcha á guerra hoxe;
coma nai que volve á casa sa.

Natal

O zoar do vento salvaxe,
o estalido das ondas na area,
A sarabia que acompaña a friaxe
e a calor dun lume na lareira.

Non marches

Non te vaias aló, miñaxoia,
que os que van xa nunca volven.
Non collas frío nese camiño,
queda mentres os nenos dormen.
Non baixe-la cabeza cando vaias,
lévalla ben alta no noso nome.
E cando volvas, meu parruliño,
verás como bos tempos se erguen.

Meniños

Miña mociña de porcelana,
a de zapatiños de charol.
Ai! Os nenos non enganan,
a eles non lles mente o corazón!
Nin lles carcomen a rabia
nin o odio, soamente o amor.

CATEGORÍA A. MENCIÓNS

Lucía López Villar
IES VAL MIÑOR

UN MAR DE ESTRELAS

Baixo o ceo nocturno
debúxase un mar de estrelas,
luces resplandecentes que iluminan
o camiño dos nosos soños.

Na inquietude da noite,
a mente libérase e a alma expándese
e o universo enteiro parece
falarnos nunha linguaxe cósmica.

Laura Otero Cacho
IES TERRA DE TURONIO

Cinco

Tira a roupa, mostra o corpo
as cicatrices delatorias,
os cortes tenues.
Mostra as últimas palabras,
tan unidas ás miñas arterias
que case non caben
nas cinco letras do meu nome.

Zaira Troncoso Simões
IES TERRA DE TURONIO

Medea

O teu rostro pálido,
a túa mirada temerosa.
Ese grito nos teus ollos,
que mostra culpa e lamento.
Mais o teu orgullo
e exceso de vinganza.
Desexaban, que
lle afectara.